# Proposta didáctica xeral - Entroido 2011







## Xustificación:

Na liña que inciamos o curso pasado de dar a coñecer aos alumnos diferentes tradicións do entroido de Galicia, este ano centrámonos no entroido de Manzaneda (un dos máis característicos dos entroidos galegos).

O feito de que busquemos o entroido tradicional e non unha versión actual do mesmo débese a que elementos da cultura galega están a diluírse pola acción uniformadora dos medios de comunicación e a globalización, que promoven unha cultura única, consumista e afastada de valores propios.

En Galicia conviven en perfecta sintonía tradicións profundamente arraigadas. O coñecemento destas axúdanos a entender o entorno no que vivimos e a saber un pouco máis de nós mesmos.

Entre as festas populares de gran tradición en Galicia atópase o entroido, antroido  ou entrudio. Ten a súa orixe nunha palabra latina “introitos” que significa entrada e designa o inicio do período de coresma.

A celebración do entroido é variada. Por unha banda está a comida, con grande presenza da carne de porco a modo de despedida dese alimento porque na

coresma prohíbese comer carne. Doutra banda está a festa, a diversión, xa que a coresma tamén a prohibe.

Alguns dos entroidos máis tradicionais de Galicia concéntranse na provincia de Ourense. Destacan: Verín, Laza, Maceda, O Bolo, Xinzo de Limia, Vilariño de Conxo e Manzaneda (Maceda de Trives nos nomenclátor antigos).

Con esta actividade, pretendemos que os alumnos entendan e coñezan un entroido representativo desa zona e para iso disfrazarémonos do seu personaxe principal, a Mázcara, e organizaremos un desfile composto polo folión, as mázcaras e comparsas.

**Entroido de Manzaneda**

O entroido de Manzaneda ten un calendario de celebracións e actividades moi amplo e de moita duración que vira contorna ao personaxe principal chamada Mázcara e organízanse arredor dos Folións.

As Mázcaras:

Caracterízanse pola súa elegante indumentaria, na que destaca o seu alongado pucho de forma cónica, adubiado con rechamantes cores. Son as personaxes centrais do “foión”. Visten de branco, cun mantón cruzado no peito, multitude de lazos e un cinto de chocas. Acompasan o seu baile, normalmente en quendas de dous ou tres, e o son do seu cinto de chocas ó toque rápido dos bombos. Danzan virando sobre si mesmos, alzando os brazos e sostendo un caxato.  O antropólogo Xaquín Lorenzo consideraba que a danza podía ter orixe pastoril.  Ademais acompáñanos  o Touro, o Toureiro e o Oso, figura ancestral ataviada con coiros e las de ovella.

Folión:

A explosión sonora do entroido galego por excelencia é o folión. Unha manifestación que en Manzaneda se adereza cunha expresión única: o baile das mázcaras. Durante o percorrido van facendo soar as súas chocallas, acompañadas polo ruído dos bombos, aixadas, guadañas, e cornas,  que no pasado tamén acompañaban a unha melodía de  gaita.

Co folión uns povos visitan ós outros, pedindo permiso formal en verso previamente para entrar, e percorren todos os recantos da aldea executando a música e o baile das mázcaras.

## Obxectivos xerais:

- Coñecer e participar na festa do Entroido entendendo o seu significado.
- Valorar diferentes formas de celebrar o Entroido.
- Coñecer  situacións que se viven noutras localidades da nosa comunidade autónoma podendo falar dos devanditos eventos con propiedade.
- Valorar o Entroido como parte do desenvolvemento cultural de Galicia.
- Coñecer a evolución histórica do Entroido en Galicia.
- Utilizar diferentes tipos de materiais para realizar un disfrace non elitista.
- Sensibilizar ao alumnado da importancia de manter vivas tradicións culturais.
- Manifestar actitude de respecto nas actividades festivas.
- Desenvolver actitude de respecto cara a todas as manifestacións culturais de Galicia.

## Obxectivos específicos:

- Desenvolver habilidades de traballo en grupo.
- Adquirir vocabulario relacionado ca actividade.
- Situar os diferentes Entroidos na xeografía de Galicia.
- Coñecer as tradicións do entroido da zona de Manzaneda: folión, disfrace e celebración.
- Desenvolver cos alumnos un Entroido tradicional da zona de Manzaneda.
- Coñecer o calendario do entroido en Ourense.

•Coñecer algunhas das características de Manzaneda: situación xeográfica, o relevo, poboación…

•Practicar os pasos básicos de muñeira.

•Coñecer os principais bailes e ritmos galegos (jota, muñeira...).

## Contidos:

O Entroido. O Entroido de Manzaneda. O Entroido en Galicia e noutras partes de España e do mundo.

O calendario de entroido.

Tradicións.

Contidos de Manzaneda: xeografía, flora, fauna...

Vocabulario: folión, mázcara, pucho, forma cónica, chocas, folión…

Bailes e ritmos galegos.

## Contribución dos obxectivos ao desenvolvemento das competencias básicas.

| | |
|---|---|
| Competencia en comunicación lingüística | Adquirir vocabulario.<br>Ler e comprender un texto informativo sinxelo.<br>Expresar adecuadamente pensamentos, ideas e emocións.<br>Escoitar, expor e dialogar. |
| Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico | Mostrar actitudes de respecto cara a cultura e a tradición galega.<br>Coñecer a xeografía galega.<br>Contribuír a conservar a través da reciclaxe. |
| Competencia matemática | Traballar con formas xeométricas. |

| | |
|---|---|
| Tratamento da información e competencia digital | Adquirir coñecementos sobre o Entroido. |
| Competencia social e cidadá | Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.<br>Seguir as normas e as instrucións dadas. |
| Competencia cultural e artística | Coñecer as tradicións do Antroido en Manzaneda.<br>Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade. |
| Competencia para aprender a aprender | Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.<br>Favorecer a creatividade e a orixinalidade. |
| Autonomía e iniciativa persoal | Adquisición e interiorización de bos hábitos e técnicas de traballo.<br>Expresar gustos e preferencias. |

## Proposta de actividades do entroido:

1.Que é unha tradición. Que tradicións coñecemos.

2.Que é o entroido

3..Indagar  sobre a orixe do entroido: onde comezou, a quen estaba dedicado, cando remata...

4.Como é o entroido en Galicia. Diferenzas entre zonas de Galicia. Ubicalas no mapa.

5.Que outras formas de entroido coñecemos. De que paises ou zonas. Ubicalos no mapa.

6.Qué tipos de disfraces coñecemos. De onde.

7.Que é a coresma.

8. A coresma representábase, as veces, como unha vella de sete pes. Plásmabase en papel e cortábanselle os pes un por un ata chegar ao domingo de coresma. Débese comezar o primerio domingo despois do enterro da sardiña.

9.Como se celebra o fin do entroido (enterro da sardiña).

10.Averiguar en que consiste o enterro da sardiña.

11.Exercicios de expresión oral ou escrita sobre o entroido.

12. Elaborar e escribir recetas típicas do Entroido.

13.Presentar o entroido de Manzaneda e os seus elementos.

14.Ubicar Manzaneda no mapa.

15.Describir o disfraz de Mázcara.

16. Deseñar  un póster para invitar á xente a participar no entroido de Manzaneda.

17.Buscar información sobre Manzaneda: accidentes xeográficos (serras, ríos, encoros...), a flora, fauna, cultivos...

18. Visitar a exposición da biblioteca sobre o entroido.

19. Etc.

**Páxinas web:**

Manzaneda: http://www.concellodemanzaneda.es/

http://www.galeon.com/carnaval_ourense/pro9.htm

Laza: http://www.laza.info/GL/index.php

Venecia: http://www.disfrutavenecia.com/carnaval

http://fiestas.practicopedia.com/carnaval/como-se-celebra-el-carnaval-de-venecia-12453

Cadiz: http://www.cadiz.es/Category/fiestas/carnaval/el-carnaval-en-la-actualidad/188

Tenerife: http://www.carnavaltenerife.es/

Nueva Orleáns: http://www.travelnauta.com/mardi-gras-carnaval-en-nueva-orleans/